



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Estadística I	Código	611G01006	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego/Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Martinez Filgueira, Xose Manuel	Correo electrónico	xose.martinez@udc.es	
Profesorado	Iglesias Vazquez, Emma Maria	Correo electrónico	emma.iglesias@udc.es	
	Martinez Filgueira, Xose Manuel		xose.martinez@udc.es	
Web	www.udc.es/dep/ecoapl2/esteco1/economia/			
Descrición xeral	Coñecer e comprender os conceptos fundamentais da Análise de Datos, así como o manexo das súas técnicas básicas. Coñecer e comprender os conceptos fundamentais do Cálculo de Probabilidades.			
Plan de continxencia	<p>Se hai circunstancias que así o aconsellen, a materia poderá pasarse a modo híbrido (semi-presencial) aínda que non se producisen cambios na situación sanitaria xeral.</p> <p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Todas, pero adaptando as que sexa necesario á docencia online, segundo se indica no seguinte parágrafo. *Metodoloxías docentes que se modifican A sesión maxistral adaptarase á docencia non presencial, substituindo as clases na aula por clases online impartidas mediante Teams, e gravadas para o seu acceso asíncrono.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Para a atención persoalizada empregaranse Microsoft Teams (2 veces por semana), Moodle e o correo electrónico (de forma asíncrona).</p> <p>4. Modificacións na avaliación Mantéñense as mesmas que aparecen na guía docente, pero realizarase a súa adaptación á avaliación online. Nos obradoiros e na proba mixta poderían combinarse resolución de exercicios escritos con resolucións orais. *Observacións de avaliación: Na segunda oportunidade manteranse os mesmos criterios que se empregan para a 1ª oportunidade e que se resumen en 50% de avaliación continua e 50% de exame.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo dixitalizados, xa sexa en Moodle ou na web da materia.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
	Coñecer e comprender os conceptos fundamentais da Análise de Datos e da Estatística Descritiva	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A11 A13	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10
Coñecer e comprender o manexo das tecnicas básicas da Análise de Datos e da Estatística Descritiva.	A3 A4 A5 A7 A9 A10 A11 A12 A13		C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8
Coñecer e comprender os conceptos fundamentais do Cálculo de Probabilidades.	A3 A4 A5 A7 A9 A11 A13		C1 C4 C5 C6 C7 C8
Manexar os conceptos fundamentais do Cálculo de Probabilidades.	A3 A4 A5 A7 A9 A10 A11 A12 A13		C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
0.- Introduccion	0.1 Qué é a Estatística?
1.- Análise Descritiva de Datos. Estatística Descritiva	1.1 Análise Unidimensional 1.2 Análise Bidimensional
2.- Probabilidade	2.1 Introduccion ao Cálculo de Probabilidade
3.- Variables aleatorias	3.1 Variables aleatorias unidimensionais 3.2 Variables aleatorias bidimensionais
4.- Análise da Relación entre Variables	4.1 Regresión e Correlación
5.- Distribucións de Variables Aleatorias.	5.1 Principais distribucións dunha variable aleatoria.



6 Convergencia	6.1 Convergencia e teorema central do límite.
7.- Series de Tempo	7.1 Series de Tempo
8.- Números Índices	8.1 Números Índices

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 C1 C8	17	34	51
Obradoiro	A9 A12 C6 C7	14	28	42
Prácticas a través de TIC	A10 C3	5	15	20
Lecturas	A7 A11	0	5	5
Proba mixta	A4 A5	2	4	6
Aprendizaxe colaborativa	A13 C4 C5	2	2	4
Traballos tutelados	A3 A4 A5 A7 A9 A10 A12 A13 C1 C3 C6 C7 C8	3	9	12
Seminario	A3 A4 A7 A9 A10 A12 A13 C1 C3 C6	4	0	4
Solución de problemas	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 B2 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 B9 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	1	4	5
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Lección impartida polo profesor que pode ter formatos diferentes (teoría, problemas e/ou exemplos xerais, directrices xerais da materia ...). O profesor pode contar co apoio de medios audiovisuais e informáticos e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes. O obxectivo é introducir ao alumnado nos conceptos da materia, transmitirse así a base de coñecemento que o alumnado necesita para comezar o seu traballo e iniciar a súa aprendizaxe.
Obradoiro	Nestas aulas o obxectivo principal será a realización de tarefas eminentemente prácticas, co apoio e supervisión do profesorado: proposición e resolución de aplicacións da teoría, proposición e supervisión de traballos dirixidos, problemas, exercicios, presentación, exposición, debate ou comentario de traballos, aclaración de dúbidas sobre teoría, etc.. Sen embargo tamén é posible que o profesor expoña algúns conceptos, exposición orientada principalmente a deixar clara a súa aplicación ou en todo caso como simple complemento das sesións maxistras. Dentro destas aulas realizaranse actividades de avaliación, xa sexa mediante exercicios individuais ou exercicios realizados en grupo.
Prácticas a través de TIC	Nestas aulas o obxectivo principal será a realización de tarefas eminentemente prácticas, co apoio e supervisión do profesorado. Traballarase con apoio do ordenador, e reservarase para temas ou conceptos nos que a intensidade dos cálculos o recomenda. De xeito transversal tamén se introducirá ao alumnado no traballo en estatística con medios informáticos.
Lecturas	Lectura de textos propostos relacionados coa Materia, e que complementan o explicado na aula.



Proba mixta	<p>Realizarase unha proba mixta, que se corresponderá co exame final. Esta proba considerárase fundamental na avaliación, polo que será necesario obter nela un mínimo do 40% da nota para computar as outras actividades que se avalían.</p> <p>Como alternativa a esta proba mixta final e co obxectivo de motivar o traballo continuado e repartido do alumnado, o profesor propoñerá probas mixtas intermedias, organizadas ao longo do período docente. Superar o conxunto destas probas intermedias será equivalente a supeperar a proba final.</p>
Aprendizaxe colaborativa	<p>Traballo conxunto do alumnado, organizado en grupos, na resolución de tarefas asignadas polo profesor para optimizar tanto a súa propia aprendizaxe como a dos restantes membros do grupo. Antes da entrega do traballo ou de boletíns de exercicios en grupo, adícaranse varias clases a que os alumnos expoñan as súas dúbidas e/ou dificultades atopadas. Deste xeito créase un debate entre eles, os seus compañeiros e o profesor que fomenta a interrelación no traballo e o espírito crítico.</p> <p>Realízanse traballos en grupo nos que os alumnos deberán resolver distintas cuestións teórico-prácticas relativas aos temas implicados; ao seu remate, o grupo deberá amosar o realizado, con diferentes posibilidades exposición (oral ou escrita), valoración informática; a elección do método dependerá da evolución da docencia.</p>
Traballos tutelados	<p>En combinación coa aprendizaxe colaborativa e baixo a tutela do profesor o alumnado realizará traballos en grupo, enfocados na aprendizaxe do "cómo facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desta aprendizaxe polo profesor-tutor.</p> <p>O profesor realizará o seguimento desta aprendizaxe de cara a valorar a adquisición dos coñecementos propostos para esta categoría.</p>
Seminario	<p>Organízase cada grupo de clase en dous subgrupos (a metade dos alumnos en cada un),</p> <p>Realízanse 4 horas de Seminario para cada un destes subgrupos, Neles atenderanse dúbidas e discutírase sobre as diferentes partes da materia, así como as actividades e traballos propostos a realizar sobre esa materia.</p>
Solución de problemas	<p>Atención persoalizada ao alumno para a resolución das dúbidas que poidesen aparecer, non só na resolución de exercicios se non en calquera outra fase do proceso de aprendizaxe.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	<p>Atención persoalizada ao alumno para a resolución das dúbidas que poidesen aparecer, non só na resolución de exercicios se non en calquera outra fase do proceso de aprendizaxe.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A3 A4 A5 A7 A9 A10 A12 A13 C1 C3 C6 C7 C8	<p>En combinación coa aprendizaxe colaborativa e baixo a tutela do profesor o alumnado realizará un ou varios traballos en grupo (en caso de ser máis de 1, como mínimo existirá 1 en grupo, pero algún dos demais podería ser individual), enfocados na aprendizaxe do "cómo facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desta aprendizaxe polo profesor-tutor.</p> <p>O profesor realizará o seguimento desta aprendizaxe de cara a valorar a adquisición dos coñecementos propostos para esta categoría.</p>	15



Proba mixta	A4 A5	<p>Realizarase unha proba mixta, que se corresponderá co exame final. Esta proba considerárase fundamental na avaliación, polo que será necesario obter nela un mínimo do 40% da nota para computar as outras actividades que se avalían.</p> <p>Como alternativa a esta proba mixta final e co obxectivo de motivar o traballo continuado e repartido do alumnado, o profesor propoñerá probas mixtas intermedias, organizadas ao longo do período docente. Superar o conxunto destas probas intermedias será equivalente a superar a proba final.</p>	50
Obradoiro	A9 A12 C6 C7	<p>Nestas aulas o obxectivo principal será a realización de tarefas eminentemente prácticas, co apoio e supervisión do profesorado: proposición e resolución de aplicacións da teoría, proposición e supervisión de traballos dirixidos, problemas, exercicios, presentación, exposición, debate ou comentario de traballos, aclaración de dúbidas sobre teoría, etc.. Sen embargo tamén é posible que o profesor expoña algúns conceptos, exposición orientada principalmente a deixar clara a súa aplicación ou en todo caso como simple complemento das sesións maxistras.</p> <p>Dentro destas aulas realizaranse actividades de avaliación, xa sexa mediante exercicios individuais ou exercicios realizados en grupo.</p>	35

Observacións avaliación



- A proba mixta considerarase fundamental na avaliación, polo que será necesario obter nela un mínimo do 40% da nota para computar coas outras actividades que se avalían.

- Estes criterios de avaliación corresponden tanto á primeira como a segunda oportunidade. Os mesmos criterios aplicaranse ao alumnado con dedicación parcial. De calquera xeito ao estudantado con dedicación parcial recoméndaselle que fale co coordinador da materia para informalo da súa situación.

- En caso de que haxa estudantes que opten pola convocatoria adiantada, o sistema de cualificacións será o mesmo. Neste caso as actividades do Obradoiro e Traballos tutelados deberán realizarse un mínimo de 21 días antes do exame de convocatoria adiantada.

- A orde que seguen os temas nesta guía docente pode ser modificado ao impartilo na aula, en función das necesidades docentes que poidan xurdir.

Algunhas observacións

xerais de avaliación, colocadas de maneira homoxénea co resto das guías docentes- Cualificación de non presentado:

Corresponde ao estudante cando só participe de actividades de avaliación que teñan una ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación conseguida.

- Segunda

oportunidade e convocatoria adiantada: Os criterios de avaliación son os mesmos para todas as oportunidades de avaliación. Na convocatoria adiantada as actividades do Obradoiro e Traballos tutelados deberán realizarse un mínimo de 21 días antes do exame de convocatoria adiantada.

- Estudantes

con recoñecemento de adicación a tempo parcial e dispensa

académica de exención de asistencia: Recoméndaselle que fale co coordinador da materia para informalo da súa situación e ver de adaptar o sistema de avaliación (Obradoiro e traballo tutelados).

-Sobre

condicións de avaliación:

Está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información.

- Identificación

do estudante: O estudante debe acreditar a súa personalidade de acordo coa normativa vixente.

Fontes de información

Bibliografía básica	Espejo Miranda, I et al., (2006) Estadística Descriptiva y Probabilidad. Teoría y Problemas. Cádiz, Universidad de Cádiz. (libro libre, descargable en: http://knuth.uca.es/moodle/course/view.php?id=19) Arriaza Gómez A.J. et al.(2008) Estadística Básica con R y R-Commander. Cádiz, Universidad de Cádiz. (libro libre, descargable en: http://knuth.uca.es/ebrcmdr)
Bibliografía complementaria	- Cao Abad, R. y otros (1998). Estadística básica aplicada. Santiago de Compostela, Tórculo - Gonick, L. y Smith, W. (2001). A Estatística en caricaturas!. SGAPEIO y Harper Collins - Newbold, P., Carlson, W. and Thorne, B. (2010). Statistics for business and economics. Pearson/Prentice Hall - Newbold, P. (1997). Estadística para los Negocios y la Economía. Madrid, Prentice Hall PÉREZ, C. (2002) Estadística aplicada a través de Excel. Pearson Educación, Madrid. Charte Ojeda, F. (2008) Calculos Estadísticos con Excel. Anaya Multimedia, Madrid. Arriaza Gómez A.J. et al.(2008) Estadística Básica con R y R-Commander. Cádiz, Universidad de Cádiz. (libro libre, descargable en: http://knuth.uca.es/ebrcmdr)

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Estatística II/611G01014
Observacións
Para os estudantes que cursen esta materia enteiramente en inglés, os criterios de avaliación serán os presentados nesta guía (ou sexa, os que se aplican para todos os grupos) . O material para estes estudantes estará dispoñible na plataforma virtual da disciplina.Ao inicio do segundo semestre, serán proporcionadas regras suplementarias e explicatorias para todos os grupos (incluído o grupo de inglés) .

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías